

# MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

(Rede Museística da Deputación de Lugo)

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES

### CURSO 2016 / 2017

A Rede Museística Provincial, dependente da área de Cultura da Deputación de Lugo, a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso escolar 2016 / 2017 coa idea de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

Coa nosa longa experiencia e o apoio de numerosos docentes que participaron nestas actividades en precedentes cursos procuramos tender pontes de colaboración entre diferentes espazos educativos, presentando actividades lúdicas pero rigorosas con contidos que entroncan coas programacións escolares.

Para concertar a realización de calquera das actividades que presentamos deberase contactar co Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo.

#### **Actividades permanentes**

##### **»Coñece o noso museo**

**Metodoloxía:** visita guiada adaptada ao nivel do alumnado que comprende as partes históricas do edificio (refectorio, cociña e claustro) e as coleccións que albergan estas salas. Visítase tamén a Sala de Ourivería Prerromana e Romana, a sección de Prehistoria e Arqueoloxía e a sala de Mosaicos Romanos.

**Nivel educativo:** Educación Primaria, ESO e BAC

**Temporización:** de 50 a 60 minutos

##### **»Visita á sección de prehistoria e arqueoloxía**

**Metodoloxía:** Visita guiada adaptada ao nivel do alumnado a esta importante sección do museo: Desde o Paleolítico ata a Romanización

**Nivel educativo:** 4º, 5º, 6º de Educación Primaria e ESO e BAC

**Temporización:** de 50 a 60 minutos

##### **»A Romanización**

**Metodoloxía:** visita guiada que percorre as coleccións de época romana do museo: Epigrafía, mosaicos, ritos funerarios, etc. Unha historia da época romana a través dos fondos do museo.

**Nivel educativo:** ESO e BAC

**Temporización:** de 50 a 60 minutos

##### **»Animalandia**

**Metodoloxía:** percorrido que busca animais representados en distintas obras expostas no museo e así saberemos como é a súa vida.

**Nivel educativo:** Educación Infantil, 1º, 2º, 3º de Educación Primaria

**Recursos materiais:** postais cos debuxos dos animais

**Temporización:** de 50 a 60 minutos

### »Rutas Literarias

**Metodoloxía:** Hai catro rutas: a de Minos, a do Astrágalo, a do Paxaro e a do Carneiro Alado. Cada unha das rutas está baseada nun relato do libro: “Contos de Fantasmas no Museo”. Conta cunha folla de ruta que o alumnado debe completar xa no museo. Logo comprobamos os resultados de cada unha das catro expedicións.

**Nivel educativo:** 1º a 4º de ESO e BAC

**Recursos materiais:** libro, follas de ruta.

**Temporización:** de 70 a 80 minutos

### »Viaxe Polo Lugo Romano

**Metodoloxía:** Desde a historia do imperio ata a do Lugo romano. Viaxe que nos axuda a entender de onde vimos a través dos fondos do museo

**Nivel educativo:** 4º, 5º, 6º de Educación Primaria

**Temporización:** de 50 a 60 minutos

### »Crea o teu museo.

**Metodoloxía:** Fago o meu museo, facemos o noso museo, creamos una rede. Os museos son relatores de historias. Desde a Rede Museística invitámosvos a que creedes o voso propio museo a partir dun diálogo aberto coas nosas coleccións e cos profesionais que traballan neste espazo. Se queres saber como, pregúntanos!

**Nivel educativo:** Infantil e 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo

(34) 982 242 300 / 982 242 112

[didactica@museolugo.org](mailto:didactica@museolugo.org) / [guias@museolugo.org](mailto:guias@museolugo.org)

<http://redemuseisticalugo.org>



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

